



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

En Ordes no Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as doce horas e trinta minutos do día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, concorren os Concelleiros electos segundo acta de proclamación de candidatos, de data 08/06/2023, da Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela, nas eleccións locais convocadas por Real Decreto 207/2023, de 3 de abril (BOE nº 80, de data 04/04/2023), celebradas o día 28 de maio de 2023, seguintes:

D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ
D. PABLO VIDAL RÍOS
D. AVELINO CANDAL FARIÑA
D^a. MARIA VIEITES CALVO
D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY
D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO
D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA

Os Concelleiros asistentes que constitúen a maioría absoluta dos Concelleiros electos, concorren á sesión en número de dezasete co obxecto de celebrar sesión pública de constitución do novo Concello conforme ao disposto nos arts. 195 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño (LOREG).

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN LOCAL

Declarada aberta a sesión, procédese a constituír a Mesa de Idade, integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, e da que será Secretario o que o sexa da Corporación, segundo dispón o art. 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño (LOREG), quedando constituída a Mesa de Idade por D. Avelino Candal Fariña, Concelleiro asistente de maior idade, como Presidente; D. Manuel Antonio Villaverde Rey, Concelleiro asistente de menor idade e D. Juan Luis Gonzáles Iglesias, Secretario Xeral da Corporación.

Seguidamente, o Sr. Secretario da lectura ás disposicións aplicables á constitución dos novos Concellos, entre elas as contidas no art. 195 da LOREG.

Procédeuse a continuación polos membros da Mesa de Idade á comprobación das credenciais presentadas.

Encontradas conformes ditas credenciais o Sr. Presidente da Mesa de Idade **DECLARA CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL** polos seguintes membros:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

1. Partido Popular (PP).

D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA

2. Bloque Nacionalista Galego (BNG).

D. PABLO VIDAL RÍOS
D. AVELINO CANDAL FARIÑA
D^a. MARIA VIEITES CALVO
D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY

3. Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE).

D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Unha vez constituída a Corporación, para tomar posesión dos seus cargos, os Srs. Concelleiros, deben dar cumprimento ó Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (en relación co art. 108.8 da LOREG), procedendo a prestar xuramento/promesa pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de **CONCELLEIRO/A DO CONCELLO DE ORDES** con lealdade a el Rei, e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, facéndoo ante tódolos presentes, en primeiro lugar os membros da Mesa de Idade e seguidamente pola orde en que figuran na acta de proclamación de candidatos da Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela.

Os concelleiros electos pola candidatura do Bloque Nacionalista Galego toman posesión do seu cargo coa fórmula seguinte: xuramento/promesa por imperativo legal pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de **CONCELLEIRO/A DO CONCELLO DE ORDES** con lealdade a el Rei, e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así tamén defender os intereses xerais da veciñanza e do pobo galego.

ELECCIÓN DO ALCALDE

Acto seguido, o Sr. Secretario de orde do Sr. Presidente da Mesa de Idade, procede a dar lectura ás normas reguladoras da elección do Alcalde contidas no art. 196 da LOREG.

Os Concelleiros que encabezan as correspondentes listas, que se presentan como candidatos para o cargo de Alcalde, son os seguintes:

- D. PABLO VIDAL RÍOS, (**Bloque Nacionalista Galego, BNG**).
- D. JOSE LUIS MARTINEZ SANJURJO, (**Partido Popular, PP**).

Solicita a palabra o Sr. Pablo Vidal Ríos, (**Bloque Nacionalista Galego, BNG**), que sinala que en primeiro lugar agradecen os 2.362 apoios que recibiron o pasado 28 de maio.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Traballarán estes catro anos para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, representar axeitadamente esa confianza que depositou a veciñanza no seu grupo político e intentar no 2027 renovar esa confianza e se é posible recadar un maior apoio. Quen estivera presente nos anteriores plenos de investidura nos anos 2015 e 2019 saberá que non presentaron nunca candidatura á alcaldía pola seguinte razón, entendían que con tres concelleiros a veciñanza de Ordes non lles dera a confianza suficiente como para exercer unha labor de goberno, que os quería máis ben como oposición. Nesta volta, no ano 2023, gracias a eses apoios obtiveron seis concelleiros. Saben que a aritmética está clara, hai unha opción política que obtivo nove concelleiros, polo tanto ten maioría para elixir o seu alcalde. Aínda que sexa de maneira simbólica, nesta ocasión no ano 2023, dado que teñen unha representación coa que a veciñanza ve ao BNG como unha opción real de goberno deste concello, preséntanse nesta ocasión coa candidatura de Pablo Vidal Ríos a alcaldía do concello de Ordes.

Seguidamente, procédese á votación das candidaturas presentadas, mediante votación ordinaria a man alzada [art. 46.2.d) Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) e arts. 101 e 102 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF)], realizándose por orde decrecente de cada un dos candidatos, co seguinte resultado:

- D. PABLO VIDAL RÍOS, (**Bloque Nacionalista Galego, BNG**). Votos a favor: 2.
- D. JOSE LUIS MARTINEZ SANJURJO, (**Partido Popular, PP**). Votos a favor: 9.
- Abstencións: 2.

En consecuencia, sendo dezasete o número legal de Concelleiros desta Corporación Local e tendo obtido os votos da maioría absoluta (**9**) do número legal de concelleiros (17), é proclamado electo o concelleiro que encabeza a lista correspondente ao Partido Popular, **D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SAJURJO**.

Intervén o Sr. Presidente da Mesa de Idade que agradece aos asistentes a este salón e tamén á xente que o día 28 de maio foi coa súa papeleta a votar, gracias a iso garanten a mellor democracia no país, gracias a iso hoxe están aquí dezasete concelleiros representando ao pobo de Ordes. Agradece o traballo feito polos funcionarios, persoal laboral do Concello, persoal de correos, interventores, membros das mesas electorais. Aproveita para felicitar ao partido que gañou estas eleccións por maioría absoluta, que foi o Partido Popular, e en especial ao seu voceiro que acaba de ser elixido Alcalde desta Corporación. Sen máis procede a facerlle entrega do bastón de mando.

Aceptado o cargo e prestado xuramento pola súa conciencia e honra de cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE-PRESIDENTE con lealdade a el Rei e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, D. José Luís Martínez Sanjurjo pasa a ocupar a Presidencia.

Cumprido o obxecto da convocatoria da presente sesión, o Sr. Alcalde toma a palabra para dirixir unhas palabras á nova Corporación e público asistente ao acto, que se transcriben a continuación:

“Alcalde de Ordes 1987-200, D. Teodosio Martino. Concelleiras e concelleiros de Ordes que hoxe tomastes posesión do cargo, funcionarios e demais persoal municipal, medios de comunicación aquí presentes, familias dos concelleiros, veciñas e veciños. Moi bo día a todas e a todos, e moitas grazas por arrouparnos coa vosa presenza neste acto de tan fonda significación para quen ten o enorme privilexio de asumir, por terceira ocasión consecutiva, a Alcaldía de Ordes, logo do veredicto das urnas, que nos outorgaron maioría absoluta por segunda vez consecutiva. Conta un antigo dito popular, de reminiscencias bíblicas, que ninguén é profeta na súa terra. Pode que ás veces sexa certo, pero tanto para min, como para os compañeiros do equipo que conformará novamente o Goberno municipal, e estou seguro que tamén para os restantes concelleiros e concelleiras da Corporación, ter sido elixidos nas urnas, con plenas garantías democráticas, é a maior honra á que podemos aspirar. Unha honra



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

inmensa, pero tamén unha inmensa responsabilidade que asumo, emocionado, como alcalde de Ordes para o mandato 2023-2027. Como teño dito, unha vez superado o proceso electoral, serei por terceira vez o alcalde de todas e todos os ordenses, con independencia da súa ideoloxía, lugar de residencia ou calquera outra condición. Aspiro a exercer, e exercerei como o alcalde de todos, e con todos quero contar nesta tarefa coral de construír un Ordes mellor, con máis e mellores oportunidades. A todos prometo o meu empeño de continuar a dar o mellor de min mesmo no desempeño desta responsabilidade, e desde xa pido desculpas polos erros, que, sen dúbida poida cometer. Serán, por suposto, erros involuntarios, xamais con ánimo de molestar a ninguén. Porque estou aquí -estamos todo o equipo- para servir á xente e ás súas necesidades, xamais para servirmos das responsabilidades que se nos confían. Como dicía, mais non no noso caso, pode que ás veces custe ser profeta na nosa terra, do mesmo xeito que non sempre valoramos o lugar onde vivimos. Porque Ordes, malia que ás veces non nos percatemos, reúne unha man chea de cualidades que para si quixeran outras localidades: Un clima benigno, boas comunicacións, servizos públicos de calidade, patrimonio natural do que desfrutar e sacar proveito, cidades importantes a un tiro de pedra, potencial de crecemento urbanístico e empresarial, tamén, e sobre todo, unha xente excepcional. Con estes ingredientes, reforzar o papel de Ordes como cabeceira de comarca constitúe un obxectivo irrenunciable, pero tamén posible; un longo percorrido polo que xa transitamos nestes últimos anos. Aumentar a poboación, para achegármolos aos 15.000 habitantes na vindeira década, será, co PXOM que entrará en vigor nos vindeiros meses, unha meta posible, viable e realizable, ao noso alcance nos próximos anos. Incrementar a calidade dos servizos públicos será unha constante nos catros anos que temos por diante, comezando, como dixen, pola aprobación definitiva do PXOM, pero con outros proxectos que serán realidade a medio prazo, como a nova gardaría pública na vila, a ampliación da residencia da terceira idade, a ampliación do centro de saúde ou novas obras de extensión da rede de abastecemento e saneamento a varios núcleos do Concello. Estas e outras medidas configuran a folla de ruta na que emprazo a traballar, desde xa, ao conxunto do equipo de Goberno; pois compañeiros, é o noso programa electoral, o que recibiu un maioritario apoio nas urnas para ser realizado; non o foi o de outras formacións. Dito isto, igualmente ofrezco man tendida aos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE local, para, entre todos, articular un futuro de oportunidades para o conxunto de Ordes. A maioría social, por sorte, sempre estivo, está e estará, co traballo ben feito, coa seriedade e coa xestión rigorosa. O presidente dos Estados Unidos de Norteamérica, Joe Biden, alertaba na súa toma de posesión que a democracia é fráxil. Anos atrás, unha declaración deste tipo podería resultar cuestionable na que para moitos é a primeira democracia do mundo, pero logo do intento de asalto ao Capitolio, quedou acreditado que ningunha democracia é inmune. Quero dicir con iso, que o xuramento ou a promesa que acabamos de efectuar de lealdade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado ten un alcance que vai moito máis aló deste acto protocolario que hoxe estamos a celebrar. Os preto de corenta e cinco anos transcorridos desde o referendo constitucional, trouxeron a Galicia e a España, a etapa de maior estabilidade e prosperidade de toda a nosa historia. As persoas de maior idade recordarán perfectamente o que era Ordes daquela para comparalo co que é agora. Ás veces, cómpre facer memoria e reflexionar de verdade para chegar á conclusión de que o “sentidiño” nunca foi nin será un mal compañeiro de viaxe. Así pois, canda o meu compromiso de servir a todas e todos os ordenses sen distinción e de man tendida ao conxunto da Corporación Municipal que vimos de constituír, a todos animo a deixarnos guiar polo “sentidiño” que tantos e tan bos servizos nos téñen prestado. En xaneiro de 1935, Castelao, desterrado en Badajoz, remitiu a Don Ramón Otero Pedraio unha carta emocionante, desbordante dos bos desexos que só se comparten coas persoas a quen un estima de veras. “Meu querido irmán (comeza a carta): Que a túa felicidade non teña remate, que non amingüe a túa ledicia, que non che falte o xamón e o viño e o café e o cigarro, que chegues san a vello vedreiro e deas ó mundo un fillo do teu talento cada ano, que chegues a ver a nosa Terra en paz i en gracia de Deus, (...), e canso de vivir entregues a íalma ós anxeliños cando xa non teñas nada que facer no mundo. Todo eso desexo eu para ti (...)”. Fin da cita. Todo isto desexo eu para Ordes, para cada unha das e dos ordenses. Teño dito. Que así sexa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Finalizada a intervención do Sr. Alcalde o públicoponse en pe para escoitar o himno galego.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás trece horas do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias